

## CORRECCIÓN DE ERRO NO POSTO NÚM. 427 DA RPT

D. José Manuel Portela Fernández, presidente do Comité de Empresa de Persoal Laboral,

### ANTECEDENTES:

1. Con data 02/09/2005, D. Manuel Casteleiro Maldonado, director da E.T.S. de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, comunicou ao xerente da UDC un erro na Resolución de 2 de agosto de 2005 pola que se fai pública a relación de postos de traballo de persoal de administración e servizos da UDC (DOG do 29/08/2005), xa que no núm. de posto 319 / núm. de novo posto 427, onde di técnico especialista de informática ten que dicir técnico especialista de laboratorio.
2. Con data 20/09/2005, D<sup>a</sup>. María José Recarey Buño, técnica especialista de laboratorio con destino na E.T.S. de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos solicitou ao xefe do Servizo de Persoal de Administración e Servizos a corrección dun erro na denominación do seu posto na Resolución de 2 de agosto de 2005 pola que se fai pública a relación de postos de traballo de persoal de administración e servizos da UDC (DOG do 29/08/2005), xa que onde di técnico especialista de informática, ten que dicir técnico especialista de laboratorio.
3. Con data 26/01/2006, D. Ramón Yzquierdo Perrín, Valedor Universitario solicita a corrección deste erro co fin de salvagardar os lexítimos intereses de D<sup>a</sup>. María José Recarey Buño, técnica especialista de laboratorio.
4. Con data 01/02/2006, D. Manuel Romero Beade, presidente do Comité de Empresa, solicita por unanimidade dos membros do comité ao xerente se corrixa o erro que existe na denominación do posto núm. 427 da RPT.

*(Achégolle copia dos documentos)*

A data de hoxe o erro non foi corrixido polo que o Comité de Empresa de Persoal Laboral da UDC por unanimidade e representado polo seu presidente, **SOLICITA:**

Que se corrixa coa maior brevidade o erro na Resolución de 2 de agosto de 2005 pola que se fai pública a relación de postos de traballo de persoal de administración e servizos da UDC (DOG do 29/08/2005), xa que no núm. de posto 319 / núm. de novo posto 427, onde di técnico especialista de informática ten que dicir **técnico especialista de laboratorio.**

Que se teña en conta a existencia deste erro para que esta traballadora non se vexa en ningún momento prexudicada nos seus dereitos como traballadora da UDC.

A Coruña, 23 de xuño de 2009

José Manuel Portela Fernández

Presidente do Comité de Empresa de Persoal Laboral,

**XERENTE DA UDC**